

MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS – PROTOCOLOS

Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA



Plan de **prevención**
da transmisión da
COVID-19
nos centros educativos

DOCUMENTACIÓN



Plan de **prevención**
da transmisión da
COVID-19
nos centros educativos



MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS – PROTOCOLOS

Plan de **prevención
da transmisión da
COVID-19**
nos centros educativos



MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS - PROTOCOLOS

	INTRODUCCIÓN
Páxina 7	1. PLAN DE ADAPTACIÓN
Páxina 8	2. NORMATIVA, PROTOCOLOS E PLANS
	2.1. ACTUACIÓNS ANTE PECHES
	2.2. CONTROL EPIDEMIOLÓXICO NOS CENTROS EDUCATIVOS
	2.3. USO DE RECURSOS EDUCATIVOS DIXITAIS
	2.4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
	2.5. NECESIDADES EDUCATIVAS
	2.6. COMEDOR - CAFETERIA
	2.7. VENTILACIÓN
	2.8. ABSENTISMO ESCOLAR
	2.9. BENESTAR EMOCIONAL
	2.10. EQUIPOS COVID



INTRODUCCIÓN

Tanto o Ministerio de Educación e Formación Profesional coma a Consellería de Cultura, Educación e Universidade teñen publicado diferentes recomendacións e protocolos seguindo as pautas das autoridades sanitarias.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou as últimas recomendacións sobre as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte ao SARS-CoV-2 para centros educativos no curso 2020-2021 o pasado 8 de febreiro de 2021.

[- Ligazón ao documento.](#)

Nesta versión intégranse no documento acordado polos ministerios de Sanidade e Educación e as correspondentes Consellerías das Comunidades Autónomas o 22 de xuño e definidas o 25 de agosto de 2020, as actualizacións referidas ás novas evidencias no tema da propagación do virus, o traballo levado a cabo coa Sociedade Española de Pediatría para determinar as pautas de actuación cos nenos e adolescentes con enfermidades que os fan máis vulnerables e os criterios médicos para determinar o grao de vulnerabilidade e o criterio en relación coa ventilación e, en particular, o uso de filtros HEPA e de medidores de CO2.

Na Comunidade Autónoma de Galicia en cumprimento do previsto na Orde da Consellería de Sanidade do 28 de agosto, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade publica o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”. A última versión do protocolo foi publicada o 4 de novembro de 2020.

[- Ligazón ao documento.](#)

Neste protocolo indícanse as pautas xerais e específicas de organización e actuación dos centros educativos para minimizar os riscos da Covid-19, co fin de que os centros sexan lugares seguros.

A partir deste protocolo, cada centro educativo de ensino non universitario tivo que definir un plan de adaptación específico segundo as súas propias características. Nel se deben indicar as pautas de organización e xestión, da forma de funcionamento, dos espazos dispoñibles para a docencia e actividades, das medidas hixiénicas e de limpeza do centro, etc.

O documento que concreta esas medidas é o “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021”.

O plan debe ser coñecido e posto a disposición de toda a comunidade educativa (persoal do centro, familias, alumnado a partir dos niveis de ensino obrigatorio) así como das autoridades sanitarias. O consello escolar tivo que ser informado e debeuse remitir ao servizo de Inspección Educativa.

Outro dos documentos que define o protocolo é o “Plan de continxencia do centro educativo” para o caso da suspensión de actividades lectivas presenciais pola posible aparición dun gromo . Este plan será de aplicación con carácter subsidiario en situacións análogas tales coma confinamentos parciais de parte do alumnado ou profesorado.

No plan de continxencia explícanse as actuacións que se van levar a cabo durante o período de actividade lectiva non presencial así como as medidas para o reinicio posterior da actividade presencial.

Os protocolos publicados son obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da situación sanitaria, co fin de garantir a súa adecuación ás obrigas ou recomendacións sanitarias existentes en cada momento.

Isto significa que, tanto o plan de adaptación coma o de continxencia son documentos vivos e son obxecto de revisión e adaptación continua.

Os plans deben estar publicados na páxinas web de cada centro e ser accesibles para toda a comunidade educativa.

1. PLAN DE ADAPTACIÓN

O plan de adaptación é a concreción das características particulares e propias de cada centro educativo ao Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

O plan de adaptación vai acompañado de anexos como o plan de continxencia, e dos plans específicos adaptados aos protocolos específicos para comedor, actividades extraescolares e complementarias así coma da información que se considere conveniente para a organización e xestión do centro educativo.

A continuación indícase a normativa, protocolos e plans que hai que ter en conta para conseguir que os centros educativos sexan lugares seguros contra o Covid-19.



2. NORMATIVA, PROTOCOLOS E PLANS

- Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade 12/06/2020.

[- Ligazón ao texto orixinal.](#)

- Lexislación consolidada.

Establece as obrigas xerais, medidas xerais de hixiene e prevención, limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores, medidas específicas respecto de centros, servizos e establecementos sanitarios e de servizos sociais, medidas en relación coa ocupación e uso dos vehículos no transporte terrestre e marítimo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Respecto das medidas relativas a centros docentes establécese:

- O retorno á actividade lectiva presencial.
- O cumprimento as normas sobre desinfección e prevención.
- A elaboración do protocolo de prevención e organización do regreso á actividade.



- Plan de Reactivación no ámbito infantoxuvenil en relación coa infección polo VIRUS SARS-CoV 2.
 - Establece o marco de actuación para a toma de decisións durante o proceso de reactivación dos centros.
 - Define as liñas de actuación de vixilancia, prevención e control para a fase de reactivación no ámbito infantoxuvenil.

[- Ligazón ao documento.](#)
- 04/11/2020. Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.
 - Ten como fin o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse dende o inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021 para crear crear contornas escolares saudables e seguras.

[- Ligazón ao documento.](#)
- Addenda: medidas de protección individual.
 - Facilita información sobre a regulamentación e requisitos das máscaras, pantallas faciais, batas de protección, xeles hidroalcoholicos...

[- Ligazón ao documento.](#)



2.1. ACTUACIÓNS ANTE PECHES

- Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021.

· Aproba o “Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”.

[- Ligazón ao documento](#)

- Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021.

· Medidas que establece o centro educativo para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial.

[- Ligazón ao documento](#)

- Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.

· O seu obxecto é elaborar un horario para cada grupo de alumnos do centro a fin de continuar no caso de peche da aula o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.

[- Ligazón ao documento](#)

- Resolución do 18 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ensino virtual garantindo a atención á diversidade e se establece un Plan específico de actuación.
 - Esta resolución ten por obxecto establecer un Plan específico de actuación que garanta o ensino e aprendizaxe ao alumnado vulnerable, nun contexto de ensino non presencial.

[- Ligazón ao documento.](#)

- Procedemento de xestión de equipamento para alumnado en situación de fenda dixital. Plan de ensino virtual ante a Covid-19.
 - O centro educativo deberá identificar o alumnado que necesita un equipo e/ou a conexión a Internet ante unha posible situación de confinamento ou corentena no domicilio (ben casos illados de alumnado, ben a totalidade do alumnado dun grupo, ou a totalidade do alumnado do centro) e así poder seguir dende o seu domicilio a actividade educativa.

[- Ligazón ao documento.](#)

- Instrucións de entrega de equipos.
- Modelo de acta de entrega de equipos.
- Modelo de acordo de cesión de equipo ao alumnado.



2.2. CONTROL EPIDEMIOLÓXICO NOS CENTROS EDUCATIVOS

- Guía de actuación ante a aparición de casos de COVID-19 en centros educativos (versión do 26 de febreiro de 2021).
 - Guía de actuación para o manexo dos casos, contactos e gromos de COVID-19 nun centro educativo que permite o establecemento de medidas de contención axeitadas.

[- Ligazón ao documento.](#)

- Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-COV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia (versión do 5 de novembro de 2021).
 - Este protocolo é unha guía para a detección e manexo de casos sospeitosos, casos confirmados, contactos e abrochos de COVID-19 no ámbito educativo non universitario de Galicia

[- Ligazón ao documento.](#)



2.3. USO DE RECURSOS EDUCATIVOS DIXITAIS

- Instrucións do 14 de decembro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade relativas ao uso dos servizos educativos dixitais corporativos no marco da emerxencia sanitaria derivada da pandemia por Covid-19.
 - Establece as condicións de uso das ferramentas de docencia virtual, especialmente aquelas que posibilitan a retransmisión das clases a través de Internet nos centros educativos coa finalidade de garantir a continuidade da actividade lectiva no contexto da actual crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

[- Ligazón ao documento.](#)

2.4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 nas actividades extraescolares.
 - Protocolo específico para actividades extraescolares organizadas por ANPAS ou entidades diferentes do centro escolar.
- Addenda: prevención da transmisión da covid-19 nas actividades extraescolares e complementarias organizadas polos centros educativos así como de actividades derivadas de colaboracións ou convenios.
 - Consideracións xerais sobre actividades complementarias e extraescolares nos centros educativos.

[- Ligazón ao documento.](#)

2.5. NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

- Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 no alumando con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo (versión do 16 de setembro de 2020).
 - Protocolo específico de prevención da transmisión e medidas e accións complementarias ás indicadas no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 para este tipo de nenos e nenas.
[- Ligazón ao documento.](#)
- Addenda: documento de adaptación específico de medidas de seguridade.
 - Definición do documento de adaptación e dos pasos que hai que seguir para elaboralo. Tamén facilita un modelo de autorización das familias para a súa elaboración.
[- Ligazón ao documento.](#)



2.6. COMEDOR – CAFETARÍA

- Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios (versión do 16 de setembro de 2020).
 - Medidas de hixiene, ventilación, capacidade, espazos, organización, quendas, hixiene e limpeza nos comedores escolares.

[- Ligazón ao documento.](#)
- Resolución do 5 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica pola que se ditan instrucións para a habilitación de espazos provisionais nos centros de ensino con cafetería afectada polo peche do seu interior ao consumo por parte do alumnado.
 - Medidas para habilitar espazos de consumo para o alumando daqueles centros educativos que teñan xornada de mañá e de tarde, todos ou algún dos días da semana, durante os días afectados polo peche temporal dos establecementos de hostalaría e restauración.

[- Ligazón ao documento.](#)
- Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 25 de febreiro de 2021).
 - Establece as regras para os establecementos de cafeterías nos centros educativos.

[- Ligazón ao documento.](#)

- Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 25 de febreiro de 2021).
 - Establece o cumprimento de medidas de prevención, protección e hixiene nas cafeterías e comedores dos centros educativos.
 - Regulación de aforos.
- [- Ligazón ao documento.](#)



2.7. VENTILACIÓN

- Resolución conxunta, do 4 de novembro de 2020, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproban as “Recomendacións sobre a ventilación en centros educativos no contexto da Covid-19” para centros educativos non universitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

[- Ligazón ao documento.](#)

- Recomendacións sobre ventilación en centros educativos no contexto da covid-19.

[- Ligazón ao documento.](#)

2.8. ABSENTISMO ESCOLAR

- Orde do 13 de novembro de 2020 pola que se crean as comisións provinciais de seguimento ante as posibles situacións de absentismo con orixe na COVID-19.

[- Ligazón ao documento.](#)

- Resolución do 30 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a atención educativa ao alumnado vulnerable ou alumnado con conviventes vulnerables durante o curso 2020/21 como consecuencia da pandemia da COVID-19.

· Establece o procedemento de actuación que se debe seguir na atención educativa aos alumnos e alumnas que non poidan asistir ao centro educativo por razóns xustificadas.

[- Ligazón ao documento](#)

2.9. BENESTAR EMOCIONAL

- Proposta de intervención para preservar a saúde ou o benestar emocional do alumnado galego.
- Propostas de acompañamento á comunidade educativa para afrontar o reto colectivo do coidado emocional debido á situación de pandemia sanitaria.

[- Ligazón ao documento.](#)

2.10. EQUIPOS COVID

- Formación no SARS-CoV-2 para os equipos COVID dos centros educativos non universitarios (versión do 5 de novembro de 2020).
- Medidas de vixilancia, prevención e control do coronavirus para os equipos Covid-19.

[- Ligazón ao documento.](#)





Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA